

## Forno do Outeiro

020010

### Datos de Localización

Forno

<b>Nomenclator:</b>	3201201
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 599877 <b>Y:</b> 4648346
<b>Concello:</b>	Os Blancos
<b>Parroquia:</b>	AGUÍS
<b>Lugar:</b>	Fonte Arcada
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Civil
<b>Tipo:</b>	Construcións de Transformación
<b>Subtipo:</b>	<b>Forno</b>



**Denominación:** Forno do Outeiro

**Etapa Histórica:** Indeterminada

**Estilo relevante:** Popular

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

No lugar denominado O Outeiro, atópase este forno comunal. Presenta estrutura rectangular e cuberta a catro vertentes con tella do país. Realizado en cachotería, con lumiera na porta.

O seu interior alberga un único espazo. O tendal feito en granito e cuberto de palla para estirar a masa de pan antes da súa cocción. A capela de planta rectangular, presenta ladrillo refractario no interior mentres que no exterior cachotería. Xusto debaixo, a fornalleira (denominación utilizada aquí para designar á borralleira), tamén de cachotería.

Conserva os útiles empregados para a cocción: a pá, para meter e sacar o pan; o barredoiro de xestas para limpar o forno a medida que se vai cocendo; "estropajo", pau recuberto cun trapo que se pasa xusto antes de meter o pan; o rodo utensilio metálico, como un rastrillo sen dentes, para mover o pan.

Cada quince días uns veciños utilízanos para facer pan. Ao pechar o forno, cheo de masa preparada para a súa cocción, din: "Dios aumente o pan no forno e o ben no mundo enteiro", facendo unha cruz mirando para a súa porta. Elaboran unha ampla variedade de tipos de pan: a "bica rapeira" que non contén leudadura, as bicas, bolas aplastadas que case todo é codia, os "pas" que son bolas e a "panocha" que é unha barra.

### Características Construtivas

**Plantas:** Baixa

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito e madeira

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

## Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Estructural

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Transformación de produtos

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: O interior da capela é de ladrillo, antes era de granito.

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Encintado de cemento e cuberta nova.

## Bens Mobles











